

ADMISIÓN en ESO e Bacharelato para o curso 2025/2026

Prazo para entregar a solicitude: Ata o día 20 de Marzo de 2025.

Lugar: Secretaría do Centro escollido como primeira opción.

Só se pode entregar unha solicitude por alumno/a. Presentar dúas ou máis solicitudes de admisión, ou presentar unha solicitude de admisión tendo presentado xa unha solicitude de reserva, pode ser causa de Exclusión do procedemento.

Solicitude. A solicitude consta de 2 impresos (Anexo II e Anexo II-Bis) que hai que entregar cubertos e asinados por ámbolos dous proxenitores:

- O proxenitor que figure como solicitante debe asinar o Anexo II.
- O outro proxenitor ten que cubrir e asinar o CONSENTIMENTO do ANEXO II-BIS.

Consideracións para cubrir o Anexo II:

- Na páxina 1 hai que indicar os datos do alumno/a e de ámbolos dous proxenitores. Un dos proxenitores ten que figurar como Solicitante.
- Na páxina 2 hai que indicar o Centro e Curso de procedencia, e o solicitado. Pódense indicar ata un máximo de 6 centros por orde de preferencia.
- Na páxina 3 hai que indicar os membros que forman a unidade familiar, e os criterios alegados no caso de ter que recorrer á baremación. Os criterios alegados non se poderán modificar despois de entregada a solicitude.

Consideracións para cubrir o Anexo II-Bis:

- A páxina 1 ten que ser cuberta e asinada por tódolos membros computables da unidade familiar. No caso dos menores de idade, asinará un dos proxenitores.
- A páxina 2 ten que ser cuberta e asinada polo outro proxenitor que non figura como solicitante no Anexo II.

DOCUMENTACIÓN que hai que acompañar coa solicitude:

- Certificado de matrícula do alumno/a expedida polo Centro de procedencia.
- Cópia do DNI do alumno/a.
- Cópia do Libro de Familia ou equivalente onde conste o alumno/a e demais membros computables da unidade familiar.
- Calquera outra acreditativa das circunstancias propias (separación, discapacidade, familia monoparental, lugar de residencia ou traballo, nota media, etc.).

As dúbidas que xurdan pódense consultar na Secretaría do Centro, presencialmente ou chamando ó teléfono: 886 159 160